

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 28/04/2016, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

ALCALDE

José Marcote Suárez

TTES. DE ALCALDE

Xan Carlos Sar Oliveira
Soledad Vilela Romero
Teresa Fernández Martínez

SECRETARIO

José Ramón Lema Fuentes

ASUNTOS

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.-
- 2º.- Expediente contratación Servizos de Alumeado Público.-
- 3º.- Asuntos varios.-

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **20:30** horas do día **28/04/2016** reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión ordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-

Sometida a votación a do día 14 de Abril de 2016 é aprobada por unanimidade dos asistentes.--

2º.- Expediente contratación Servizos de Alumeado Público.-

Unha vez examinado o expediente tramitado mediante procedemento negociado sen publicidade co motivo da Contratación do Servizo de Mantemento, Conservación, reparación e aforro e eficiencia enerxética das Instalacións eléctricas dos edificios e dependencias municipais cun presuposto de licitación po importe de Corenta mil euros (40.000,00 €) e un Imposto sobre o Valor Engadido de Oito mil catrocentos euros (8.400,00 €) en base ó prego de Cláusulas administrativas particulares e técnicas aprobado no seu día por esta Xunta na sesión celebrada o día 18 de Febreiro de 2016, que unha exposto ao público no Boletín Oficial da Provincia polo espazo regulamentario, non foi obxecto de reclamación algunha ,

Resultando que de conformidade co que prevé o Artigo 178.1 do Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público foron requeridas as seguintes Empresas capacitadas:

DENOMINACIÓN	DOMICILIO SOCIAL
Miguel Angel Lestón Canosa	FISTERRA
Marcelino González Estévez	FISTERRA
José Mario Paz Martínez	FISTERRA
Instalaciones Eléctricas Casais S.L.	FISTERRA
Antonio Romero Vázquez	(Sardiñeiro de Abaixo) FISTERRA

Resultando que no expediente queda constancia que, dentro do prazo sinalado, presentouse únicamente a seguinte Empresa :

DENOMINACIÓN	REXISTRO ENTRADA
Marcelino González Estévez	1.153 25 / 04 / 2016

Considerando que, procedido a apertura do:

SOBRE A (Documentación) da citada Empresa, ésta queda aceptada por cumprir con todos os requisitos establecidos no prego de cláusulas administrativas que serviu de base a licitación e na vixente Lei de Contratos do Sector Público,

SOBRE B (Técnicas) Consta o compromiso da Empresa sobre aceptación, na súa totalidade, aos Pregos de Prescripcóns Técnicas que forman parte da prestación do servizo así como presenta unha mellora que queda acreditada no expediente,

SOBRE C (Oferta Económica) efectuada a súa apertura, resulta ó seguinte :

DENOMINACIÓN	OFERTA	IVE	BAIXA
Marcelino González Estévez	39.586,78 €	8.313,22 €	500,00 €

En base ó Anexo VII (Aspectos Económicos e Técnicos obxecto de negociación e adxudicación) previsto no Prego, resulta a seguinte VALORACION:

EMPRESA	PROGRAM A	MELLORAS	OFERTA	TOTAL
Marcelino González Estévez	15	7	60	82

Á vista do resultado, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros acorda :

1) Requirir ó licitador Marcelino Gonzalez Estevez, para que no prazo de dez días hábiles (10) a contar dende o seguinte ao recibo da notificación deste acordo, presente na Secretaria da Corporación, as Certificacións xustificativas de encontrarse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social, Constitución dunha garantía definitiva en importe de Mil novecientos setenta e nove euros con trinta e catro céntimos (1.979,34 €) equivalente ó 5% da adxudicación do contrato excluído o Imposto sobre o Valor Engadido asi como a demais documentación prevista na Cláusula 2.3.4 do Prego de Clausulas Administrativas.-

3º.- Asuntos varios.-

VENDA AMBULANTE (Lista de Espera)

A) Vista a solicitude presentada co número 374 (RE) de 5/2/2016 por **Klaus Willi Satzler**, e domicilio no termo municipal de Arteixo, na que solicita un posto na venda ambulante para adicarse á venda de alimentación (polos asados, patacas fritas, empanadillas, ...).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Incluílo na lista de espera da venda ambulante co número 23-AL, para adicarse á venda de alimentación (polos asados, patacas fritas, empanadillas, ...).

URBANISMO OBRAS MAIORES

A) Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, logo de ver o informe favorable emitido por parte do Arquitecto que presta servizos urbanísticos dentro desta Corporación e demais antecedentes obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder Licenza Urbanística :

A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A. con CIF A-63222533 e domicilio social na Avenida de Arteixo, 171 de A Coruña (CP 15008) para proceder á Instalación dun Centro de Transformación de 250 KVA, Línea de Media Tensión (LMT) soterrada de 348 metros de longo e Reforma da Rede de Baixa Tensión (RBT) nunha lonxitude de 150 metros a emprazar na localidade de San Martiño de Abaixo do Termo Municipal de Fisterra, debendo axustarse na súa totalidade á Memoria e Planos redactados polo Enxeñeiro Industrial Burkard Hecht Lorduy de data 23/07/2015, así como ás condicións impostas pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, en informe de data 17/03/2016 que constan no expediente (2015/1079 CFM).

Así mesmo, deberá ingresar nas arcas municipais as seguintes cantidades :

-- Mil cento vinte e cinco euros con setenta e sete céntimos (1.125,77 €) en concepto do en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

-- Cento cincuenta e tres euros con cincuenta e un céntimos (153,51 €) en concepto da taxa por servizos urbanísticos.-

RESOLUCIÓN DE CONTRATO ADMINISTRATIVO SOBRE REDACCIÓN PLAN ESPECIAL DO CASCO HISTÓRICO

Unha vez examinado o expediente,

Tendo en conta que con data 21 de maio de 2007 formalízase en documento administrativo a “ **Revisión do contrato de consultoría e asistencia para a redacción do plan especial do casco histórico de Fisterra** ”, documento que estipula, na súa cláusula segunda, que a duración do referido contrato administrativo se establece en dous meses, prazo referido ao tempo real de traballo sen computar os tempos necesarios para a súa tramitación.

Resultando que o prezo do referido contrato estableceuse no seu día nun total de 40.079,00 euros cunha garantía definitiva constituída, mediante aval bancario, pola mercantil Consultora Galega S.L en favor deste Concello por un total de 1.603,16 euros.

Resultando que o precitado contrato administrativo vinculaba o efectivo pagamento dunha porcentaxe do prezo de adxudicación - un total de 8.016,00 euros - á aprobación definitiva do Plan Especial do Casco Histórico de Fisterra, circunstancia que, a día de hoxe, non se ten producido ao estar pendentes de emisión os preceptivos informes sectoriais.

Considerando que neste momento, non concorren causas de resolución do contrato que poidan ser imputables á empresa adxudicataria polo que se estima

que debe procederse, mediante mutuo acordo, a resolución do citado contrato administrativo.

A Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Rescindir o contrato administrativo formalizado no seu día coa Empresa Consultora Galega S.L. con CIF B 36012102 e domicilio social na rúa San Martiño, 3 B de Pontevedra para levar a cabo o "Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Historico de Fisterra" polas razóns antes expostas.-

2) Cancelar a garantía definitiva imposta no seu día pola citada Sociedade en favor do Concello a través de Aval Bancario número 0401 300005264 de data 18 de Maio de 2007 da Entidade Bancaria CAIXA DE AFORROS DE VIGO, OURENSE E PONTEVEDRA - CAIXA NOVA nun importe de Mil seiscentos tres euros con dezaseis céntimos (1.603,16 €) aos fins " ut supra ".-

3) Notificar este acordo a citada Empresa para o seu coñecemento e demais efectos, debendo manifestar ésta ante esta Corporación, o seu compromiso de renunciar á sunstanciación de calquera procedemento de reclamación, sexa en via administrativa ou xudicial derivado do referido contrato administrativo.-

4) Facultar ao Sr. Alcalde - Presidente para que no nome e representación desta Corporación proceda a sinatura de todos e cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo.-

SERVIZOS SOCIAIS

Visto o informe emitido polo Departamento de Servizos Sociais obrante no expediente, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a J. M. I. E., veciño de Fisterra, a TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA MINUSVÁLIDOS cun prazo de validez de Dez anos (10) toda vez que presenta dificultades de mobilidade segundo acredita co certificado de discapacidade vixente expedido pola Conselleria de Política Social da Xunat de Galicia.--

AXUDAS ECONOMICAS

A) A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a CATAVENTOS ESCOLA DE VELA S.L.N.E., con CIF B70073770 e domicilio social no Peirao s/n de CORCUBION, unha axuda polo importe de Mil cento noventa e sete euros con noventa céntimos (1.197,90 €) para sufragar parte dos gastos de funcionamento que se levaran a cabo durante os meses de Marzo, Abril e Maio de 2016 polos Alumnos dos Centros Escolares do Colexio Público "Mar de Fora" de Fisterra e Colexio Público " Areouta " de Sardiñeiro nun total de Seis Sesións dentro do Programa " O

MAR NA ESCOLA- XOGANDO CO VENTO " debendo, unha vez rematado o mesmo, presentar Memoria Xustificativa das actuacións realizadas e gastos ocasionados.---

B) A Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a COMISION DEL BUEN SUCESO Y CORPUS, con CIF G 70484746 e domicilio social na rúa de Arriba desta Vila, axuda económica polo importe que a continuación se indica coa finalidadee de sufragar parte dos gastos que se ocasionen co motivo da celebración das mesmas os días 14 e 15 de Xuño de 2016; debendo presentarse, unha vez rematadas, Memoria xustificativa de gastos :

- Festa Virxe do Bo Suceso: 400,00 €.-**
- Festa relixiosa Corpus Christi : 200,00 € .-**

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente **remata a sesión, ás 22:35 horas** do día de hoxe, de todo o que como secretario, dou fe.